

CENTRO: IES AS BIZOCAS

MATERIA: MÚSICA 2º, 3º e 4º ESO

DEPARTAMENTO: MÚSICA

DATA: 1/04/2022

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

Cálculo da nota da 1º avaliación: mantense segundo o previsto na Programación Didáctica do Departamento de Música (táboa de ponderación páx. 37):

Ponderación respecto da calificación da avaliación (%)	Ítems avaliábeis
40 %	Media aritmética de tódalas probas escritas, proxectos documentais, cuestionarios e tarefas da aula virtual, traballos, exposicións...
40 %	Media aritmética de tódalas puntuación obtidas nas probas de avaliación da práctica instrumental, vocal e/ou coreográfica tanto individual como en grupo.
10 %	Presentación das tarefas e materiais obrigatorios
10 %	Actitude e participación nas aulas

A cualificación será expresada no Xade e boletín de cualificacións sen decimais, polo sistema de truncamento, sobre 10 puntos.

*A porcentaxe asignada á presentación de tarefas e materiais obrigatorios e á actitude e participación nas aulas outorgarase completa a tódolos alumnos ó principio de cada trimestre, sustraendo 1/3 de dita puntuación (0,33%) no caso de cada avaliación negativa nestes apartados. Desta maneira, e polas especiais condicións da materia, a falla do material obrigatorio na aula ou da realización de tarefas/actividades ou a actitude pasiva/negativa na aula en máis de 3 ocasións supón a perda da porcentaxe que se lle atribúe na calificación da avaliación. O fin desta medida é acostumar ó alumnado a responsabilizarse da importancia de acudir ás aulas co material axeitado, fomentando os hábitos de traballo que toda disciplina musical - e artística en xeral- require.

Procedemento de recuperación da 1º avaliación: realización dunha proba durante antes da 3ª avaliación que consistirá:

-nunha parte escrita con cuestións e/ou exercicios de diverso formato sobre os contidos teóricos e de linguaxe musical correspondentes a ese periodo, calificados cun punto cada un.

-nunha parte práctica baseada na interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos.

Considerarase recuperada a 1ª avaliación cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada unha das dúas partes da proba e a media aritmética de ámbalas dúas acade unha cifra igual ou superior a 5 puntos.

2º Avaluación

Cálculo da nota da 2º avaluación: mantense segundo o previsto na Programación Didáctica do Departamento de Música (táboa de ponderación da páx. 37).

Ponderación respecto da calificación da avaluación (%)	Ítems avaliados
40 %	Media aritmética de tódalas probas escritas, proxectos documentais, cuestionarios e tarefas da aula virtual, traballos, exposicións...
40 %	Media aritmética de tódalas puntuación obtidas nas probas de avaluación da práctica instrumental, vocal e/ou coreográfica tanto individual como en grupo.
10 %	Presentación das tarefas e materiais obrigatorios
10 %	Actitude e participación nas aulas

A cualificación será expresada no Xade e boletín de cualificacións sen decimais, polo sistema de truncamento, sobre 10 puntos.

*A porcentaxe asignada á presentación de tarefas e materiais obrigatórios e á actitude e participación nas aulas outorgarase completa a tódolos alumnos ó principio de cada trimestre, sustraendo 1/3 de dita puntuación (0,33%) no caso de cada avaluación negativa nestes apartados. Desta maneira, e polas especiais condicións da materia, a falla do material obrigatorio na aula ou da realización de tarefas/actividades ou a actitude pasiva/negativa na aula en máis de 3 ocasións supón a perda da porcentaxe que se lle atribúe na calificación da avaluación. O fin desta medida é acostumar ó alumnado a responsabilizarse da importancia de acudir ás aulas co material axeitado, fomentando os hábitos de traballo que toda disciplina musical - e artística en xeral- require.

Procedemento de recuperación da 2º avaluación: realización dunha proba antes da 3ª avaluación que consistirá:

-nunha parte escrita con 10 cuestións e/ou exercicios de diverso formato sobre os contidos teóricos e de linguaxe musical correspondentes a ese periodo, calificados cun punto cada un.

-nunha parte práctica baseada na interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos.

Considerarase recuperada a 2ª avaluación cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada unha das dúas partes da proba e a media aritmética de ámbalas dúas acade unha cifra igual ou superior a 5 puntos.

3º Avaluación

Cálculo da nota da 3º avaluación: mantense segundo o previsto na Programación Didáctica do Departamento de Música (táboa de ponderación da páx. 37).

Ponderación respecto da calificación da avaluación (%)	Ítems avaliados
40 %	Media aritmética de tódalas probas escritas, proxectos documentais, cuestionarios e tarefas da aula virtual, traballos, exposicións...
40 %	Media aritmética de tódalas puntuación obtidas nas probas de avaluación da práctica instrumental, vocal e/ou coreográfica tanto individual como en grupo.
10 %	Presentación das tarefas e materiais obrigatorios
10 %	Actitude e participación nas aulas

A cualificación será expresada no Xade e boletín de cualificacións sen decimais, polo sistema de truncamento, sobre 10 puntos.

*A porcentaxe asignada á presentación de tarefas e materiais obrigatórios e á actitude e participación nas aulas outorgarase completa a tódolos alumnos ó principio de cada trimestre, sustraendo 1/3 de dita puntuación (0,33%) no caso de cada avaluación negativa nestes apartados. Desta maneira, e polas especiais condicións da materia, a falla do material obrigatorio na aula ou da realización de tarefas/actividades ou a actitude pasiva/negativa na aula en máis de 3 ocasións supón a perda da porcentaxe que se lle atribúe na calificación da avaluación. O fin desta medida é acostumar ó alumnado a responsabilizarse da importancia de acudir ás aulas co material axeitado, fomentando os hábitos de traballo que toda disciplina musical - e artística en xeral- require.

Procedemento de recuperación da 3º avaluación: realización dunha proba durante o período comprendido entre a 3ª avaluación e a avaluación final que consistirá:

-nunha parte escrita con 10 cuestións e/ou exercicios de diverso formato sobre os contidos teóricos e de linguaxe musical correspondentes a ese período, calificados cun punto cada un.

-nunha parte práctica baseada na interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos.

Considerarase recuperada a 3ª avaluación cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada unha das dúas partes da proba e a media aritmética de ámbalas dúas acade unha cifra igual ou superior a 5 puntos.

<p>Cualificación final</p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: será o resultado da media aritmética das cualificacións (ata a centésima) obtidas nas tres avaliacións (ou nas recuperacións, das mesmas se obtivese unha puntuación superior), podendo verse incrementado dito promedio ata 1 punto coa participación activa nas actividades de carácter voluntario planificadas polo Departamento de Música ao longo do curso escolar, incluíndo aquelas deseñadas para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, para as que se reservará o 50% deste incremento. Entenderase aprobada a materia de Música cando o promedio das cualificacións obtidas nas tres avaliacións (ou as súas recuperacións) sexa igual ou superior a 5 puntos.</p> <p>O alumnado que non superou a materia por avaliacións deberá realizar unha proba global durante o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final que consistirá:</p> <ul style="list-style-type: none"> -nunha parte escrita con 10 cuestións e/ou exercicios de diverso formato sobre os contidos teóricos e de linguaxe musical que versará sobre os contidos de todo o curso, calificados cun punto cada un. -nunha parte práctica baseada na interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso, a escoller polo alumno/a polo sistema de sorteo. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos. <p>Considerarase superada a materia cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada unha das dúas partes da proba e a media aritmética de ámbalas dúas acade unha cifra igual ou superior a 5 puntos.</p> <p>Co gallo de garantir a igualdade de oportunidades, aqueles discentes que superaran a materia por avaliacións terán a oportunidade de facer esta proba global para tentar mellorar as súas cualificacións. Cando a puntuación obtida deste xeito exceda a media aritmética da avaliación continua, pasará a substituíla.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: non hai alumnado nesta situación, polo cal non se modifica a PD.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: non hai alumnado nesta situación, polo cal non se modifica a PD.</p>

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)

Metodoloxía	<p>A metodoloxía para as sesións comprendidas neste período non diferirá da expresada nas páxinas 31 e 32 da Programación Didáctica do Departamento, que se resume a continuación: A achega aos contidos farase:</p> <ul style="list-style-type: none">• Partindo da competencia inicial do alumnado.• Tendo en conta a diversidade do alumnado e respectando os seus ritmos e estilos de aprendizaxe.• Potenciando as metodoloxías activas e participativas, con alicerces no traballo cooperativo e a aprendizaxe baseada en proxectos que conduzan á adquisición das competencias clave.• Orientando o proceso de ensino-aprendizaxe á realización de tarefas que impliquen unha vivencia práctica do feito musical e o uso habitual das TIC.• Empregando o método inductivo-deductivo, entendendo o papel do docente como facilitador e guía nese proceso e minimizando o emprego do método expositivo (agás cando se trate de conceptos de especial dificultade). <p>Como principais estratexias metodolóxicas empregaranse: a memorización comprensiva de conceptos, elaboración de sínteses, esquemas, infografías e glosarios de termos musicais, en formato analóxico ou dixital, lectura colaborativa de textos na aula, e a análise e tratamento de diversas fontes e soportes de información para tarefas de investigación e proxectos documentais individuais e/ou en grupo. Tamén se empregará a audición activa segundo os métodos Wuytack e Willens, a “gamificación” analóxica e dixital na aula, a interpretación e creación musical individual e colectiva de pezas vocais, instrumentais e coreográficas de repertorio variado e dificultade acorde ao nivel, mesturando elementos dos sistemas de pedagogía musical Kodály, Justin Word, Orff-Schulwerk, Dalcroze e TaKeTiNa.</p> <p>Seguirán a ser fundamentais, como ao longo do curso, os proxectos interdisciplinares con outras áreas de coñecemento e materias para a realización de proxectos creativos de natureza interdisciplinar ou transversal.</p>
--------------------	--

<p>Actividades tipo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de apoio: adicarase un recreo semanal ao apoio individualizado daqueles alumnos que o requieran. - Actividades de reforzo: boletíns de exercicios e gamificación orientada ao reforzo dos contidos básicos do curso, traballo de perfeccionamento do repertorio aprendido ao longo do curso, rincóns de traballo cooperativo (mentorización)... - Actividades de ampliación: aprendizaxe de repertorio novo, preparación de proxectos documentais, cineforum de filmes musicais, preparación de actuacións/concerto de final do curso, coro escolar.
--------------------------------	---

Materiais e recursos

Empregaranse os materiais e recursos referenciados nas páxinas 32, 33 e 34 da Programación Didáctica do Departamento, que se sintetizan a seguir:

• **Materiais:**

- **Da aula:** mobiliario, dotación instrumental e medios audiovisuais da aula de Música, discografía e bibliografía procedente dos fondos do Departamento de Música e da sección de Artes e Espectáculos da Biblioteca Escolar (7).
- **Do profesor:** caderno do profesor en soporte dixital, programas Xade e Abalar, Aula Virtual e correo electrónico, fruta doce soprano e/ou outros instrumentos.
- **Do alumno/a:** archivador con sección adicada a glosario de termos musicais, caderno de pauta musical e padrón de xilófono, fruta doce soprano, pauciños chineses, apuntes, partituras, libro de texto (3º ESO) e materiais alocados na aula virtual do centro.

• **Recursos didácticos:**

- **Recursos web propios:** aloxados na aula virtual
- **Recursos musicais na rede:** blogues educativos, páxinas web, xogos musicais, partituras, audios, vídeos, libros e revistas dixitais, software específico, instrumentos virtuais, aplicacións para o tratamento e edición de arquivos de audio, vídeo...
- **Espazos:** empregárase de maneira prioritaria a aula-materia, e a Biblioteca ou a Aula TIC se fose preciso para elaborar proxectos documentais ou tarefas de investigación e mesmo o Ximnasio ou o patio para actividades que requieran aun esparzo maior ou ó ar libre (coreografías, actividades interdisciplinares e ou con público como concertos, recitais, festivais...) xa que o centro non conta cun salón de actos.

